

RESERVA DE PRAZA PARA O CURSO 2024-2025

O alumnado de 4º de ESO que queira estudar bacharelato ten que facer reserva de praza. Este alumnado ten prioridade para a admisión nos dous institutos de Noia aos que estamos adscritos (IES Virxe do Mar e IES Campo de San Alberto). Estas solicitudes de reserva de praza téñense que entregar no noso centro.

*O alumnado matriculado no noso centro en 1º, 2º e 3º de ESO ten garantía de permanencia para o vindeiro curso no noso centro e **non necesita reservar praza.***

O prazo para realizar a reserva remata o 5 de febreiro. Pregamos que o alumnado que teña clara que modalidade vai escoller non agarde ó último día e vaia facendo as reservas.

Para o alumnado de 4º ESO que teña dúbidas sobre que modalidade vai elixir é mellor que agarden ó **proceso de información e asesoramento** que vai ofrecer o IES **durante este mes de xaneiro.**

XEITOS DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE RESERVA

A solicitude de reserva (documento ED550A) ten dúas partes:

1. Anexo I (que asina a persoa proxenitora, titora ou acollidora solicitante)
2. Anexo I Bis (comprobación de datos e consentimentos da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora). Esta parte recolle **o consentimento da outra persoa proxenitora,** titoras ou acolledoras. A norma determina que

coa única excepción do consentimento do agresor nos casos de violencia de xénero, sempre debe constar o consentimento do outro proxenitor.

Para presentar a solicitude de reserva deberá seguir algunha das opcións descritas a continuación:

1. Encher a solicitude (ED550A) informaticamente e presentala, asinada de xeito manual, no centro:

Enlace Admisiónalumnado:

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/Axuda.action>

Para presentar a solicitude de xeito presencial no centro deberá acceder a [Admisiónalumnado](#) seleccionar a opción de menú "Solicitudes --> Reserva --> Crear". Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón "Crear e Confirmar". Feito isto poderá descargala para asinala manualmente (páxina 3 o proxenitor solicitante e na páxina 4 o outro proxenitor) para presentala no centro, xunto coas copias do libro de familia (follas correspondentes ós proxenitores e ó alumno/a).

2. Encher a solicitude informaticamente e asinala en Sede Electrónica:

Enlace Admisiónalumnado:

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/Axuda.action>

Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a [admisionalumnado](#) con usuario de Chave 365 ou con certificado dixital. Para iso deberá premer na icona verde que se atopa arriba á dereita. Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú "Solicitudes --> Reserva --> Crear". Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e

de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón "Confirmar solicitude" e posteriormente premendo no botón "Firmar e presentar en Sede Electrónica", poderá asinar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de sinatura remate correctamente.

IMPORTANTE: Debe achegar dixitalizados, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, o anexo I bis (última páxina da solicitude, que ten que asinar o outro proxenitor, dando o seu consentimento) e o libro de familia (follas correspondente ós proxenitores e ó alumno/a).

3. Encher e asinar a solicitude manualmente e presentala no centro:

No IES Poeta Añón facilitaremos, de xeito gratuíto, unha copia en papel ás persoas interesadas que o soliciten.

Tamén pode descargar a solicitude de reserva da páxina de admisión de alumnado :

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/Paxinalnicio.action>

Logo deben , enchela, asinala (proxenitor solicitante na páxina 3 e o consentimento do outro proxenitor na páxina 4) e presentala no noso centro co libro de familia (follas correspondentes ós proxenitores e ó alumno/a).

A solicitude ED550A tamén se poden presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Normativa relacionada

[Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de](#)

educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).